



## BANDO

# MEDIDAS E RECOMENDACIÓNS PARA EVITAR CONTAXIO CORONAVIRUS

MARIANO IGLESIAS CASTRO, ALCALDE DO CONCELLO DE MESÍA,

FAGO SABER:

Que o Concello de Mesía adopta unha serie de medidas e recomendacións para evitar posibles contaxios polo coronavirus por un período inicial dende o día 13 ata que se emita un novo aviso:

1. Suspensión de todas as actividades e eventos culturais e deportivos organizados polo concello.
2. Peche dos edificios e instalacións municipais: Casa da Cultura, pavillóns polideportivos municipais, locais sociais das parroquias.
3. Recomendación ás asociacións e entidades do municipio que suspendan os seus actos públicos e sociais durante o dito período.
4. O Concello permanecerá aberto pero restrinxiranse a atención presencial a todos os servizos agás: **Rexistro Xeral e Padrón de Habitantes de 09.00 a 14.00 horas. As consultas e demais servizos deberán realizarse por vía telefónica ao 981687001 ou telemáticamente a través da sede electrónica <https://sede.concellodemesia.gal/> ou do email: [correo@concellodemesia.gal/](mailto:correo@concellodemesia.gal/)**
5. O Rexistro Civil tramitará unicamente servizos urxentes como son licenzas de enterramento, inscricións principais e fes de vida. A solicitude deberá facerse por vía telefónica.

As ditas medidas iranse adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento e informase de cada variación que se poida producir con respecto a elas.

Este concello envía unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insiste en que sigan as instrucións das autoridades sanitarias. Así mesmo, recoméndase consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade ([www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es)) ou o teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.

Pregamos á veciñanza a máxima colaboración. Deter o virus é cousa de todos/as.

Mesía, 13 de marzo de 2020.



Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde